

*O eco da palabra norte*

A mañá  
que me levantei  
como se tivera 9 anos, \_  
despertei tan cedo  
para ser unha coordenada xeográfica  
do teu falar.  
Ando  
polos territorios  
perdidos dos mapas.  
Dixeches o meu nome  
como se fora o meandro dun río,  
revolto e granítico.  
Engadiches:  
“Eres un punto cardinal  
nos límites do meu corpo”.  
E chamáchesme Norte.  
Norte.

Unha palabra tan antiga  
como a alma da terra,  
que era terra ou pedra.  
Palabra de pedra  
no cabo do mundo.  
Palabra de nós  
por non ser  
nin pedra, nin xogo, nin paxaro.  
Palabra de mar  
que me anega,  
con bágos de tempo que recorren  
o mundo.  
Buscando unha palabra  
que eu  
nunca souben pronunciar,  
Norte.  
Onde hai un mar máis alto co ceo.

*Xaime Toxo*